CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS DE APARELLADORES E ARQUITECTOS TÉCNICOS

Rúa Ramón Piñeiro, 23 baixo. 15.702 Santiago. Tlf. 981575718 Fax: 981573668 consellogalego@aparelladores.org

Segundo o convenio no que se establece a vontade de colaboración entre a FEGAMP e o Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos para a realización de practicas non laborais en Concellos e Diputacións que o soliciten, o Consello abre un período de inscrición para incorporarse ás listas de bolseiros do convenio.

- O Convenio establece que o Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos organice unha quenda para a colaborar mediante contrato en practicas con Diputacions e Concellos que o soliciten.
- A quenda estará atendida polos colexiados que se inscriban voluntariamente e que haberán de reunir os requisitos que determine o convenio.
- A incorporación á quenda do Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos efectuarase unha vez ao ano; terá carácter voluntario e producirase por petición do interesado, acreditando as condicións que de seguido se sinalan:
    a) A pertenza e a incorporación ao Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.
    b) Estar en posesión de título habilitante para exercer a profesión de arquitecto técnico.
    c) Ter menos de 30 anos ou ter rematado os estudos menos de 5 anos antes desta solicitude.
    d) Non estar incursos en incompatibilidade legal ou deontolóxica.
    e) Figurar como demandante de emprego.
- A remuneracion será de 1.000 euros ó mes brutos no caso de xornada completa e de 600 euros ao mes brutos no caso de media xornada.
- A duración do contrato será de entre 3 e 6 meses non prorrogables.

En base ao anterior, o Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos (CGCAAT) abre un prazo ata as **14 horas** do día **29 de junio**, a fin de que todos os colexiados que voluntariamente queiran incorporarse á lista deste convenio, e cumpran coas condicións sinaladas, realicen a súa inscrición a través do seu colexio de pertenza.

Santiago de Compostela, a 28 de maio do dous mil dezaoito

Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos

Rosana Rivas Mariño
Secretaria
Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos